



En **Amarai** levamos a cabo servizos, programas e proxectos orientados a dotar da máxima **autonomía** as persoas con diversidade funcional. Contamos con ferramentas para que a atención á **diversidade funcional e dependencia** sexa efectiva.

Os nosos programas e servizos céntranse na mellora e mantemento das capacidades físicas, cognitivas, sensoriais e sociais; todo para contribuir a un **desenvolvemento** funcional e real da persoa, para que **participe** na sociedade e sexa capaz de afrontar o día a día.



Área de influencia e localización

Comarca de Arzúa:
Arzúa, Boimorto,
O Pino, Touro



Terra de Melide:
Melide, Santiso,
Sobrado, Toques



E concellos limítrofes:
Curtis, Frades, Mesía, Vilasantar

Oficina Amarai
Rúa Padre Pardo, 33 1º
15810 Arzúa
981 500 823
amarai@amarai.es



Centro de Recursos Amarai
Boimil, s/n
15818 Boimorto
981 516 072
centrorecursos@amarai.es

www.amarai.es





Rehabilitación: coñece as nosas terapias

O servizo de Rehabilitación ten como obxectivo mellorar a autonomía, independencia e calidade de vida dos seus usuarios.

Fisioterapia:



Conta con diversas áreas de intervención: traumatolóxica (recuperación de lesións neuromusculo-esqueléticas e alxias), respiratoria (mellora da capacidade respiratoria e eliminación de secrecións), neurolóxica (adestrar o movemento funcional, equilibrio, coordinación e marcha), infantil (estimular o desenvolvemento psicomotor).

Logopedia:



Ten como finalidade mellorar a comunión e a motricidade orofacial, polo que está indicada en múltiples trastornos (problemas ligados ao nacemento ou desenvolvemento, enfermidades adquiridas de orixe cerebral, problemas de audición, voz, linguaxe oral ou deglución, enfermidades neurodexenerativas...).

Psicología:



Ten como obxectivo fundamental que a persoa poida afrontar as adversidades de xeito eficaz, potenciando as propias habilidades e capacidades. Isto conséguese mediante unha avaliación exhaustiva sobre o motivo da consulta e da situación vital, establécense obxectivos a acadar durante a fase de tratamento, onde se dota á persoa de estratexias e recursos de afrontamento.



Asesoramento:

- Servizo de información, valoración, seguemento e orientación
- Servizo de intermediación laboral
- Servizo de accesibilidade



Formación

- Curso de Coiro



Reforzo educativo:

Servizo no que se axuda ás persoas a comprender e interiorizar os conceptos relacionados coas tarefas académicas, prestando atención individualizada nas dificultades detectadas.



Actividades de lecer:

- Saídas e excursións
- Lecer náutico
- Xornada de familias



Deporte adaptado:

- Bádminton
- Golf
- Natación terapéutica
- Pilates terapéutico



Centro de Recursos:

AMARAI conta cun centro especializado en atención e intervención en diversidade funcional. Está composto por un equipo interdisciplinar (traballo social, educación social, psicopedagogía, psicología, logopedia, terapia ocupacional, fisioterapia, obradoiros, coidados), encargados de elaborar un programa de atención individualizado, coa finalidade de conseguir a maior autonomía e independencia na vida diaria das persoas usuarias.